



TÍTULO: FESTA DO CARNEIRO

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Festa moi popular no Concello de Moraña. Esta festa dura tres días (fin de semana). O domingo ásanse moitos carneiros e acode xente de distintos lugares a probar o carneiro ó espeto. As mesas hai que reservalas con moita antelación, se queres comelo.



TÍTULO: O PAZO DA BUZACA

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Situado en Cosoirado, hoxe en día é utilizado como casa turística onde a xente pasa as vacacións ou celebra unha festa



TÍTULO: ESCUDO DO PAZO DA BUZACA

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Trátase do escudo do pazo máis importante de Moraña. Situado na entrada principal, este escudo representa os méritos que tivo a familia deste pazo.



TÍTULO: PONTE DE PEDRA

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Atópase na parroquia de Rebón no lugar chamado As Laxes. Trátase dunha ponte recente construída a imitación das pontes romanas. Esta ponte leva a uns muíños moi coñecidos que hai nas Laxes.





TÍTULO: O MENHIR

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla.(4^o ESO)

DESCRICIÓN: Encóntrase entre os lugares de Paraños e a Espedregueira.É o único menhir coñecido en Galicia destacando nel uns estraños gravados. Forma parte do escudo de Moraña.



TÍTULO: IGREXA DE REBÓN

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: É unha das poucas igrexas románicas que hai en Moraña . Encóntrase na parroquia de Rebón no lugar de San Pedro.



TÍTULO: IGREXA DE SAN MARTIÑO DE GARGANTÁS

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Trátase dunha igrexa románica do século XII, situada na parroquia de San Martiño. Observamos a parte de atrás da igrexa.



TÍTULO: IGREXA DE SAN MARTIÑO DE GARGANTÁNS

FOTÓGRAFO/A: M^a Carmen Villar Constenla. (4^o ESO)

DESCRICIÓN: Trátase dunha igrexa románica do século XII, situada na parroquia de San Martiño de Gargantás. Esta é a parte de adiante onde está a entrada principal e o campanario.



TÍTULO: FONTE DE SANTA XUSTA

FOTÓGRAFO/A: Adrián Alende Garrido (4º ESO)

DESCRIPCIÓN: Situada no lugar da Igrexa, Santa Xusta, Moraña . Encóntrase baixo o nivel do terreo que ten ao lado, dado que esta fonte foi atopada soterrada, hai moitos anos. Foi limpada e preparada (coa colocación de escaleiras e hai pouco tempo un camiño de asfalto) para que os turistas e os propios veciños puideran baixar a vela e a beber a súa auga.

Esta fonte consta dunha saída de auga central, a cal ten marcada na pedra unhas letras (que co paso do tempo se van facendo máis difíciles de ler) e tres saídas máis pequenas, dúas a esquerda e unha a dereita.

Esta fonte é unha das marabillas de Moraña, e coma marabilla que é, ten que ser tratada. Son moi coñecidos os poderes milagreiros que ten, xa que pode curar distintas enfermidades.



TÍTULO: FONTE DE AMIL

FOTÓGRAFO/A: Mariña Búa, Almudena Ruibal e María Gamallo. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Esta é unha fonte situada ao carón da Igrexa parroquial de Amil, construída no ano 1979 e adicada a San Mamede de Amil.



TÍTULO: FESTA GASTRONÓMICA EN AMIL

FOTÓGRAFO/A: Mariña Búa, Almudena Ruibal e María Gamallo. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Velaquí temos unha imaxe do lume que fai posible asar os porquiños e deseguido degustalos na festa gastronómica “O Porquiño á brasa de Amil”, que se celebra cada verán a finais do mes de agosto no lugar de A Chan en Amil. Acoden centos de persoas para degustar os porquiños, e tras un bo xantar celébrase unha competición de xogos tradicionais, como a roda, os zancos, carreira de sacos, o xogo do pano... E a festa remata coa entrega de premios aos gañadores



TÍTULO: UN BONITO CRUCEIRO

FOTÓGRAFO/A: Mirian Remiseiro Núñez (4º ESO)

DESCRICIÓN: Cruceiro localizado na parroquia de San Martín de Laxe, na aldea de Trambosrríos. Está formado por unha fonte , unha mesa de pedra e no propio cruceiro por un lado está tallado en pedra Xesús e polo outro a Virxe



TÍTULO: AS FERVENZAS DAS LAXES

FOTÓGRAFO/A: Javier Fontán Fernández. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Situadas no lugar das Laxes chegamos as primeiras fervenzas despois de pasar pola ponte das Laxes. Neste lugar apenas hai inclinación, pero esta vai aumentando nas próximas fervenzas.



TÍTULO: AS FERVENZAS DAS LAXES

FOTÓGRAFO/A: Javier Fontán Fernández. (4º ESO)


DESCRICIÓN: Despois dun curto e fermoso traxecto chegamos a ferverza con máis inclinación onde a auga baixa cunha velocidade vertixinosa.



TÍTULO: CRUCEIRO DE SAN SALVADOR

FOTÓGRAFO/A: Alessia Ruibal Pereira. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Este é o cruceiro do adro da igrexa de San Salvador de Saiáns. Diante dunha oliveira centenaria. Ao fondo vemos os lugares de Barosela e Alberguería.



TÍTULO: O CAMPO DE ANTÓN

FOTÓGRAFO/A: Maite Señoráns Touriño. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Esta carballeira sitúase en Santa Cruz de Lamas. É unha carballeira chá no medio das baixadas que levan á ribeira do río. Hai moitos anos o campo pertencía a un home chamado Antón, de aí o seu nome.



TÍTULO: SANTA LUCÍA

FOTÓGRAFO/A: Noelia Medina Núñez. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Santa Lucía é a santa que dá o nome ao noso colexio e a un lugar do Concello de Moraña onde atopamos esta imaxe protexida por un cristal nun altar de pedra.



TÍTULO: O PENEDO

FOTÓGRAFO/A: Maite Señoráns Touriño. (4º ESO)

DESCRICIÓN: Este é o río Umia ao seu paso polo monte Silvoso na ponte Taboada, preto da fronteira con Cuntis. O seu nome procede das numerosas e grandes pedras que forman unha pequena ferverza.